

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

VISTO que o Concello de Ribadeo, dentro da súa oferta deportiva para o presente ano, pretende a organización da “SAN SILVESTRE RIBADEO 2019”, que supón entre outros aspectos o outorgamento de premios en metálico, para o que será oportuno a elaboración e aprobación do correspondente regulamento e bases, de acordo co disposto na disposición adicional décima da Lei Xeral de Subvencións.

VISTO que o artigo 25.2.l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribúe aos municipios competencias en promoción do deporte e ocupación do tempo libre

CONSIDERANDO que dentro deste ámbito a organización de carreiras populares coma a San Silvestre abundan na conservación do noso patrimonio e contribúen á revitalización do tecido social

Esta Alcaldía, de acordo coas competencias outorgadas polo artigo 21.1.f) e s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVE**

PRIMEIRO.- Aprobar o regulamento da “SAN SILVESTRE RIBADEO 2019”, de acordo co seguinte:

REGULAMENTO

San Silvestre Ribadeo 2019

1. Denominación

“San Silvestre Ribadeo 2019”. O Concello de Ribadeo organiza para despedilo ano a Carreira de San Silvestre.

2. Data de Celebración

Martes 31 de decembro, as carreiras para as categorías inferiores terán lugar a partires das 16:40 polas Rúas peatonais de Ribadeo. A saída da proba absoluta será ás 17:00 horas, unha vez finalizada a carreira das categorías inferiores.

3. Recorridos, carreiras e categorías

MiniSanSilvestre (16:40 horas):

Recorrido; distancia 100 metros:

Saída de diante da oficina de turismo e chegada diante do Concello.

- **Pituf@s:** Nad@s en 2016, 2017, 2018 e 2019 (Deben saber camiñar)

Non Competitiva. Medallas para todol@s corredores/as inscrit@s chegados a meta.

MiniSanSilvestre (16:45 horas):

Recorrido; distancia 400 metros:



Unha volta o parque San Francisco con saída e chegada de diante do Concello.

- **Iniciación:** Nad@s en 2014 e 2015.
- **Prebenxamín:** Nad@s en 2012 e 2013.

Trofeo o primeir@ corredor e corredora en cruzar a meta. Medallas para @s 3 primeir@s clasificad@s de cada categoría. **As clasificacións estarán controladas por championchiponorte, polo que os corredores non inscritos antes do 26 de decembro non aparecerán en ditas clasificacións.**

Milla (16:50 horas):

Recorrido; distancia 1150,37 metros. Rúas Peatonais de Ribadeo:

Saída entre os parques, da a volta o parque de San Francisco, por diante de Turismo e do Concello, Villafranca del Bierzo, Rodríguez Murias, Ramón González, Doctor Moreda, Calle Reinante, Villafranca del Bierzo e chegada na Praza de España - Concello.

Categorías:

- **Benxamín** nad@s en 2010 e 2011
- **Alevín** nad@s en 2008 e 2009

Trofeo o primer corredor e corredora en cruzar a meta. Medallas para os 3 primeir@s clasificad@s de cada categoría. **As clasificacións estarán controladas por championchiponorte, polo que os corredores non inscritos antes do 26 de decembro non aparecerán en ditas clasificacións.**

Carreira de San Silvestre Ribadeo 2019:

O recorrido dos adultos é de unha distancia de 5.000 metros, sae entre os dous parques Clemente Martínez Pasarón, Avenida de Asturias, Jose V. Pérez Martínez, Avenida de Galicia, Virxe do Camiño, Rúa San Roque, Rosalía de Castro, Camiño das Barreiras, Leopoldo Calvo Sotelo, Rodríguez Murias, Ramón González, Doctor Moreda, calle Reinante, Villafranca del Bierzo, continúa entre os 2 parques, pasa por diante de turismo para rematar na praza de España, diante do Concello.

Categorías:

- **Infantil;** nad@s en 2006 e 2007
- **Cadete;** nad@s en 2004 e 2005
- **Junior;** nad@s en 2003/2002/2001 e 2000
- **Senior;** nad@s de 1999 a 1979
- **Veteran@ “A”** nad@s de 1978 a 1968
- **Veteran@ “B”** nad@s de 1967 a 1957
- **Veteran@ “C”** nad@s de 1956 a 1946
- **Veteran@ “D”** nad@s antes de 1946.
- **Vehículo adaptado** – Handbikes e sillas de atletismo



Medallas os 3 primeiros de cada categoría (masculino e feminino). Trofeos e premios en metálico para os 3 primeiros homes e 3 mulleres da categoría absoluta. Igual que para os 3 primeiros homes e 3 primeiras mulleres Ribadenses.

Os premios son de: 100 €, 50 € e 25 €. **NON SON ACUMULATIVOS**

Trofeos para o corredor e corredora máis veteran@ en rematar a proba.

4. Inscricións

Gratuita. Máximo de inscrites 400 en carreira nen@s e 1.000 en adultos.

INSCRICIONS CARREIRA ABSOLUTA E MENORES CON DNI

1- A través de Internet de www.championchipnorte.com, dende o 25 de novembro ata o xoves 26 de decembro ás 23:59 horas.

Poderase verificar a inscrición das seguintes formas:

- 1.- Visualizando os listados de preinscrites publicados nas Webs.
- 2.- Recibirás un mail na dirección que introduciches na tua conta usuari@
- 3.- Podrás ver este xustificante accedendo a tua conta usuario/a.

As persoas que non finalicen o proceso de inscrición (según mensaxe de aceptación) non estarán correctamente inscrites.

2- Presencial nas oficinas de deportes e información xuvenil do Concello de Ribadeo (OMIX), Casa da Xuventude, antes do xoves 26 de Decembro ás 14,00 h., aportando os seguintes datos obrigatorios:

- Nome e Apelidos
- DNI con letra
- Data de nacemento completa
- Domicilio
- Club ao que pertence
- Se está Federado ou no
- Teléfono de contacto
- Mail para a confirmación da inscrición.
- Se está censado no Concello

3- Mail, enviando os datos de inscrición antes das 14,00 horas do 26 de decembro a conta de mail deportes@ribadeo.org, indicando os seguintes campos obrigatorios:

- DNI con letra
- Nome e Apelidos
- Data de nacemento completa
- Domicilio
- Club ao que pertence
- Se está Federado ou no
- Teléfono de contacto
- Mail para a confirmación da inscrición
- Se está censado no Concello



INSCRICIONS PARA MENORES QUE NON TEÑAN DNI: non se admitirán inscricions para a carreira absoluta de persoas que non faciliten o seu DNI con letra

1- Presencial nas oficinas de deportes e información xuvenil do Concello de Ribadeo (OMIX), Casa da Xuventude, antes do xoves 26 de Decembro ás 14,00 h., aportando os seguintes datos obrigatorios

- Nome e Apelidos
- Data de nacemento completa
- Domicilio
- Club ao que pertence
- Se está Federado ou no
- Teléfono de contacto
- Mail para a confirmación da inscrición
- Se está censado no Concello

2- Mail, enviando os datos de inscrición a conta de mail deportes@ribadeo.org, antes do xoves 26 de Decembro ás 14,00 horas, indicando os seguintes campos obrigatorios:

- Nome e Apellidos
- Data de nacemento completa
- Domicilio
- Club ao que pertence
- Se está Federado ou no
- Teléfono de contacto
- Mail para a confirmación da inscrición
- Se está censado no Concello

RETIRADA DE CHIPS E DORSAIS:

A retirada dos chips e dorsais o martes 31 de 11:45 a 13:00 e de 15:00 a 16:15 horas no Concello de Ribadeo. **Os corredores con chip propio deberán levalo para a carreira.**

Disporase dos vestiarios do Pavillón polideportivo Municipal para poder cambiarse antes e despois da carreira.

IMPORTANTE:

Non se admiten inscricions posteriores ás 23:59 horas do xoves 26 de decembro.

Os chips son personais e intransferibles e van asociados a cada participante. Deben colocarse na zapatilla, atado debidamente aos cordons. Unha vez finalizada a proba, debese devolver o chip a organización.

5. Organización

Toda a información sobre a proba encontrarase dispoñible na páxina:

SanSilvestre.ribadeo.org

6. Regulamento e Normativa particular



1 Os participantes correrán polo carril dereito debidamente habilitado para tal fin, sempre obedecendo as indicacións do personal de carreira, os cales aparecerán en todo momento debidamente identificados.

2 Os únicos vehículos autorizados para seguila carreira son os acreditados pola organización. Calquer outro vehículo (automóvil, moto, motocicleta ou bicicleta) non autorizado, será expulsado da carreira. Non se permite tampouco que ningún vehículo de apoio a corredores, en dito caso serán ambos expulsados da carreira.

3 A organización, nos casos que sean necesarios e como medida de precaución, poderá obrigar ao corredor a abandonar a carreira, quedando a organización exonerada de calquier responsabilidade sobre os danos persoais que poda ocasionar o non acatar por parte do corredor dita orden.

4 Todos os participantes estarán cubertos por unha Póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e de accidentes. A organización declina toda responsabilidade sobre os danos físicos ou morales que durante a participación nesta proba poda un atleta causarse a si mesmo ou a terceiros. A organización da proba non se fai responsable dos danos ou perxuízos propios e/ou a terceiros que cada participante poda ocasionar.

5 Todo participante polo mero feito de tomar a saída acepta as condicións do presente regulamento.

SEGUNDO – No tocante expresamente aos premios a outorgar, aprobar as seguintes normas complementarias ás recollidas no regulamento en cuestión:

- a) A participación implica a aceptación das bases e está aberta a todas as asociacións veciñais, culturais, xuvenís, deportivas
- b) A carreira terá lugar o martes 31 de decembro e a hora, lugar de saída e percorrido figurará na publicidade do evento
- c) A proba terá xuíces membros do Concello de Ribadeo, preferiblemente da área de Deportes, que serán os encargados de levantar acta do resultado da proba segundo as medicións de tempos obtidas.

- d) Para esta proba establécense os seguintes premios por **categorías**

Absoluto masculino : 1º premio 100 €, 2º premio 50 €, 3º premio 25 €

Absoluta feminina : 1º premio 100 €, 2º premio 50 €, 3º premio 25 €

Ribadense masculino : 1º premio 100 €, 2º premio 50 €, 3º premio 25 €

Ribadense feminina : 1º premio 100 €, 2º premio 50 €, 3º premio 25 €

- e) As **inscricións** faranse na oficina municipal de xuventude e deportes, no mail de deportes Ribadeo ou na web de championchipnorte ata o día 26 de decembro ás 23:59 horas.
- f) Tod@s @s participantes na carreira deberán estar na saída 5 min. antes de comezar a San Silvestre Ribadeo 2019



TERCEIRO- Nomear como xuíces as seguintes persoas propostas polo técnico de deportes do Concello de Ribadeo:

Iván López Rodríguez, con DNI núm. 33.998.666-C
Jorge Pereira Alcaraz, con DNI núm. 76.938.346-B

CUARTO.- Darlles publicidade ás presentes bases e regulamento no taboleiro de anuncios do concello e na web municipal www.ribadeo.org, así como dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución na primeira sesión ordinaria que se celebre

Acórdao, mándao e asíno o Sr. Alcalde, D. Fernando Suárez Barcia, en Ribadeo a data da sinatura electrónica do que, como Secretario en funcións, dou fe.

O Alcalde,

O Secretario en funcións,

Asdo.: Fernando Suárez Barcia

Asdo.: Jose Rodil Veiga

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

